



## Concello de Meaño

### ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A FORMULACIÓN DE PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACION DA OBRA “AMPLIACION E PAVIMENTACION DO VIAL A PEDREIRA – BARREIRO – PICON (TRAMO 1).

Na Casa Consistorial de Meaño, ás 12:15 horas do día 5 de agosto de 2021, reúnese a Mesa de Contratación, convocada por resolución da Alcaldía de 21/07/2021, e integrada polo Sr. Alcalde D. Carlos Vieitez Fernández, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Escudero Barral, secretaria-interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Mar Pereira García, técnico medio de Administración Xeral, D<sup>a</sup> Evangelina Veá Espiña, arquitecta técnica municipal e D<sup>a</sup> Trinidad Lorenzo Lema, administrativa, como secretaria; para formular proposta de adxudicación da obra “Ampliación e pavimentación do vial A Pedreira – Barreiro – Picón (Tramo 1)”, que foi publicada a convocatoria no perfil do contratante integrado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia o día 8 de xuño de 2021, ID 802231.

Considerando que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 23 de xullo de 2021,

propón excluir da clasificación á empresa NAROM S.L., ao non xustificar a oferta incursa en presunción de anormalidade, nos termos do artigo artigo 149.4 da LCSP, e formula proposta de adxudicación do contrato a favor da empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS S.L., a vez que acorda requirila para que, no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación, presente a garantía definitiva e a documentación prevista no apartado 14.2 do prego de cláusulas administrativas.

Considerando que a empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS S.L., transcorrido o citado prazo non presenta a documentación requirida e presenta declaración na que sinala que por causas médicas se viron imposibilitados para entregar a documentación para a adxudicación do contrato no prazo establecido polo que entenden que a súa oferta vai a ser descartada e se procederá a adxudicación do mencionado contrato a seguinte empresa mellor clasificada.

A vista da valoración das ofertas efectuada na reunión de data 08-07-2021, da que resulta a seguinte clasificación:

ORDE	OFERTA ECA	puntos OFERTA ECONOMICA- max 65	1200- max 9 ptos				TOTAL ISOS	estabilidad empleo -12 ptos	mellora 1- formigonado de rampas de acceso 4 ptos	Mellora 2- incremento de espesura capa pavim en la ción 7 ptos	Mellora 3- control de calidade 1 punto	PUNTUACION TOTAL
			9001- 3 puntos	14001- 3 puntos	18001/ 45001 -3 puntos							
1	NAROM SL	107.543,63 €	65,00	3	3	3	9	11,52	6	7	1	99,52
2	CONSTRUCCIONES E.C.CASAS SL	129.218,08 €	54,10	3	3	3	9	12	6	7	1	89,10
3	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS SA	129.412,30 €	54,02	3,00	3,00	3,00	9	12,00	6,00	7,00	1,00	89,02
4	MOV. DE ARIDOS Y COSNTRUCCIONES SA	120.051,11 €	58,23	3	3	3	9	7,5	6	7	1	88,73
5	CONSTRUCCIONES VALE SL	119.701,52 €	58,40	3	3	3	9	5,33	6	7	1	86,73
6	HORDESCON SL	125.398,51 €	55,74				0	10,66		7	1	74,40
7	CONSTRUCCIONES FECHISLU	128.169,32 €	54,54	3	3		6	0				60,54





## Concello de Meaño

A Mesa de contratación propón excluir da clasificación, xunto coa empresa NAROM S.L., ao non xustificar a oferta incurrida en presunción de anormalidade nos termos do artigo 149.4 da LCSP, e á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS S.L., ao non ter constituída a garantía definitiva e nin achegada a documentación prevista no apartado 14.2 do prego de cláusulas administrativas; formulando proposta de adxudicación da favor do seguinte candidato en puntuación CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A., a vez que acorda requirir a esta empresa, para que no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación presenten a garantía definitiva e a documentación prevista no apartado 14.2 do prego de cláusulas administrativas.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dase por rematada, extendéndose a presente acta que asinan as/os asistentes para constancia.

Documento asinado dixitalmente a marxe.

